

AQUELA NOITE

A casa estaba patas arriba, a porta aberta e o teléfono soando.

Aquela noite de lúa chea na que o vento sacudía as pólas das árbores con moita furia, estaba sendo un pouco inquietante. Os feitos ocorridos, non deixaban lugar á imaxinación.

Eu estaba lavando os pratos mentres ollaba pola ventá a casa dos meus novos veciños. Era a familia ideal, atractivos e ricos, ambos proxenitores eran médicos, e os seus tres fillos, igual de perfectos, pero eran moi enigmáticos; nunca se miraban dando un paseo todos xuntos ou facendo a compra. Dende que chegaran á vila, unha sensación de desacougo estaba presente no ambiente. Mentres pensaba en todo o que acontecera, escoitei aquel berro de muller, enxordecedor e arrepiante que viña da súa casa. Todos os veciños fomos ata alí, ninguén soubera que pasara.

O teléfono seguía soando.

Lucía Fernández Gándara 1ºB